

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 28 de xuño de 2007**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro xoves, día 28 de xuño de 2007, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/07 do 24 de maio.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 7.601 á nº 10.330, de 2007.](#)

### **Cooperación e Asistencia a Municipios**

[3.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Praza en Matío-Laxe” do Concello de Laxe, incluída no P.O.S. 2007. Código 07.2100.0166.0](#)

[4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas en Prado” do Concello de Camariñas, incluída no P.O.S. 2006. Código 06.2100.0071.0](#)

[5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “ Pav. Praza do Carme” do Concello de Camariñas, incluída no P.O.S. 2006. Código 06.2100.0072.0](#)

[6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Construción de beirarrúas no Ariño” do Concello de Camariñas, incluída no Plan de investimentos locais 2005. Código 05.3200.0036.0](#)

### **Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

[7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación da rúa Camiño Estreito e Avda. de Ricardo Sánchez” do Concello de Pontedeume, incluída no Plan de investimentos locais 2005. Código 2005.3200.0194.0](#)

### **Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

[8.-Desestimación das alegacións presentadas e ratificación da solicitude da declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia, dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización da obra de ampliación e mellora da plataforma peonil na E.P. 5303 de Muros a Louro, Pk. 1,150 ao 3,150 \(Muros\).](#)

[9.-Desestimación das alegacións presentadas e ratificación da solicitude da declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización da obra da travesía e seguridade viaria na E.P. 4803 Miño a Pontedeume do PK. 3,800 ao 7,100 e do 10,250 ao 10,750 \(Pontedeume\) \(código do proxectos de gastos 2006.3.83000.002\) \(Teo\)](#)

10.-Desestimación das alegacións presentadas e ratificación da solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización da obra na travesía na E.P. 8202 As Galanas a Cacheiras PK. 1,3 ao 1,86 (0511300006.0) (Teo)

11.-Desestimación das alegacións presentadas e ratificación da solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización da obra modificado E.P. 0807 Tatín a San Isidoro por Moruxo, 1ª Fase (Bergondo) (código do proxecto de gastos 2005.3.82000.22).

ACTUACION DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS



DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/07 DO 24 DE MAIO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/07, do 24 de maio.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 7.601 Á Nº 10.330, DE 2007.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 7.601 á nº 10.330, de 2007.

### **3.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PRAZA EN MATÍO-LAXE” DO CONCELLO DE LAXE, INCLUÍDA NO P.O.S. 2007. CÓDIGO 07.2100.0166.0**

#### INTERVENCIONES

Sr. López Crespo

Grazas, presidente e compañeiros. Só para dicir que desde este punto ata o último imos votar de forma afirmativa.

#### ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Praza en Matío" (código:07.2100.0166.0) do Concello de Laxe, incluída no P.O.S. 2007 cun orzamento

de contrata de 30.000,00 € que non representa variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade das obras pero si implica cambios internos nas súas partidas orzamentarias por un importe superior ao 30%.”

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación fondos pr.</b>	<b>Deputación préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
07.2100.0166.0	Praza en Matío (Concello de Laxe)	10.118,73	9.883,41	3.529,79	6.468,07	30.000,00

**4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BEIRARRÚAS EN PRADO” DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, INCLUÍDA NO P.O.S. 2006. CÓDIGO 06.2100.0071.0**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **Beirarrúas en Prado** do Concello de Camariñas, incluída no P.O.S. 2006 co código: 06.2100.0071.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento, tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, polo que permanecerán invariables as chegas da Deputación e do Estado.”

<b>06.2100.0071.0</b>		<b>Beirarrúas en Prado (Concello de Camariñas)</b>		
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto Reformado</b>	<b>Diferenza</b>	
Deputación f.p.	17.315,52	17.315,52	0	
Deputación préstamo	17.743,27	17.743,27	0	
Estado	6.215,16	6.215,16	0	
Concello	18.726,05	28.756,05	10.030,00	
TOTAL	<b>60.000,00</b>	<b>70.030,00</b>	<b>10.030</b>	

**5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ PAV. PRAZA DO CARME” DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, INCLUÍDA NO P.O.S. 2006. CÓDIGO 06.2100.0072.0**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **Pavimentación Praza do Carme** do Concello de Camariñas, incluída no P.O.S. 2006 co código: 06.2100.0072.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento, tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, polo que permanecerán invariables as achegas da Deputación e do Estado.”

<b>06.2100.0072.0 Pavimentación Praza do Carne (Concello de Camariñas)</b>			
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto Reformado</b>	<b>Diferenza</b>
Deputación f.p.	34.684,24	34.684,24	0
Deputación préstamo	35.541,07	35.541,07	0
Estado	12.449,41	12.449,41	0
Concello	37.509,62	61.453,04	23.943,42
TOTAL	<b>120.184,34</b>	<b>144.127,76</b>	<b>23.943,42</b>

**6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS NO ARIÑO" DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 05.3200.0036.0**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado con incremento e demais documentación presentada polo Concello de Camariñas relativa á obra "**Construcción de beirarrúas no Ariño- Xaviña**", incluída no P.I.L. 2005 co código: 05.3200.0036.0.

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "**Construcción beirarrúas no Ariño- Xaviña**" do Concello de Camariñas, incluída no P.I.L. 2005 co código: 05.3200.0036.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, polo que permanece invariable a achega da deputación.”

<b>05.3200.0036.0 Construcción beirarrúas no Ariño- Xaviña (Concello de Camariñas)</b>			
	<b>Proxecto inicial</b>	<b>Proxecto Reformado</b>	<b>Diferenza</b>
Deputación f.p.	50.606,93	50.606,93	0,00
Concello	9.393,07	17.862,65	8.469,58
TOTAL	60.000,00	68.469,58	8.469,58

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DA RÚA CAMIÑO ESTREITO E AVDA. DE RICARDO SÁNCHEZ" DO CONCELLO DE PONTEDEUME, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 2005.3200.0194.0**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Pavimentación da rúa Camiño Estreito e Avda. de Ricardo Sánchez” do Concello de Pontedeume, incluída no Plan de investimentos locais 2005 (código 2005-3200-0194.0), que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2005, cun orzamento de contrata de 31.524,19 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, por cambio nun dos

lugares de execución da obra, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto”.

<b>Código obra</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. Propios</b>	<b>Achega concello</b>	<b>Orzamento total</b>
05-3200-0194.0	Pontedeume	Pav. R. Camiño Estreito e Avda. Ricardo Sánchez	30.624,19	900,00	31.524,19

**8.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DA DECLARACIÓN DE URXENTE EXPROPIACIÓN Á XUNTA DE GALICIA, DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA PLATAFORMA PEONIL NA E.P. 5303 DE MUROS A LOURO, PK. 1,150 AO 3,150 (MUROS).**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de AMPLIACIÓN E MELLORA DA PLATAFORMA PEONIL NA E.P. 5303 DE MUROS A LOURO PK 1,150 AO PK 3,150 (MUROS)

2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

- Esta estrada comunica a capital municipal, Muros, coa importante localidade turística de Louro. Discorre paralela á AC 550 e supón un itinerario alternativo a esta última estrada.

- Ten un importante tránsito peonil ao ter magníficas vistas da ría e menos tránsito da AC550.

- O largo da calzada é escaso (4,5 metros) e o trazado sinuoso fai perigoso o tránsito peonil, polo que resulta moi necesario dispoñer dunha zona peonil onde se poida circular separadamente dos vehículos.

Proxéctanse dous carrís de 3,2 metros de largo en todo o trazado, unha beiravía á esquerda de 0,3 metros e a seguir deste unha plataforma peonil de 1,8 metros de largo que permitirá un tránsito de viandantes seguro e de maneira independente ao tráfico rodado, separado por un bordo.

- Proxéctase a construción de aparcamentos en liña de 3 metros de largo en varios puntos.



- Proxéctase a construción dun miradoiro e a reposición do miradoiro existente
  - O mal estado do firme da estrada
  - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos
  - Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos
  - A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.
- Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

**9.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DA DECLARACIÓN DE URXENTE EXPROPIACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DA OBRA DA TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK. 3,800 AO 7,100 E DO 10,250 AO 10,750 (PONTEDEUME) (CÓDIGO DO PROXECTOS DE GASTOS 2006.3.83000.002) (TEO)**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1. Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (1ª FASE DO PK 3+800 AO 7+100) (PONTEDEUME) (0611300001.0) (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTOS 2006.3.83000.002)
2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.
3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:
  - O largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada arredor dos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís.
  - As obras que se han realizar consisten na mellora da seguridade viaria na travesía, para iso, será necesario aumentar o largo de cada un dos carrís a 3,5 m (distancia entre bordos 7,40 m), dándolle prioridade aos condutores. Para o tránsito peonil proxéctase a construción dunha beirarrúa pola marxe esquerda de 1,80 m de largo que se desdobrará en dúas na zona de Boebre (zona con maior densidade de poboación).
  - Debido ás obras, será necesario nalgúns puntos modificar o trazado actual.
  - Procederáse á reposición das beirarrúas existentes ao comezo da zona de estudo (PK 3,700)

- Por debaixo da beirarrúa proxéctase a colocación de servizos de abastecemento e alumado público así como a canalización da drenaxe.
- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria.
- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos  
Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

**10.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE EXPROPIACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DA OBRA NA TRAVESÍA NA E.P. 8202 AS GALANAS A CACHEIRAS PK. 1,3 AO 1,86 (0511300006.0) (TEO)**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto TRAVESIA NA E.P. 8202 AS GALANAS A CACHEIRAS, P.K. 1,3 AO P.K. 1,86 (0511300006.0) (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTO 2005P0003)

2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citada obra, tales como que:

- Amplíase a calzada a 8 metros sendo actualmente un ancho variable de 5 e 6 metros, o largo da calzada actual é de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc

- A pavimentación de beirarrúas condiciona a tubaxe da rede de pluviais e dótase dos correspondentes sumidoiros e pozos de rexistro polo que se procede á demolición do foxo existente

- Proxéctase unha rede de evacuación independente da actual formada por tubaxe de PVC de 315 mm

- Conectarase a rede de abastecemento á rede existente

- Deixarase baixo as beirarrúas un tubo de PVC de 80 mm de diámetro con cable guía, en previsión dunha futura canalización da iluminación baixo estas.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

**11.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS E RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DA DECLARACIÓN DE URXENTE EXPROPIACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DA OBRA MODIFICADO E.P. 0807 TATÍN A SAN ISIDORO POR MORUXO, 1ª FASE (BERGONDO) (CÓDIGO DO PROXECTO DE GASTOS 2005.3.82000.22).**

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto MODIFICADO DA E.P. 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO 1ª FASE (BERGONDO) (05.1130.0019.0) (código do proxecto de gastos 2005-3-82000-22)

2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

- A actual estrada é moi estreita (entre 3,50 a 4,00 metros) sendo o largo da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., e proxéctase a ampliación da calzada a 7,50 metros de largura total.

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio (menor de 30 m.)

- A actual estrada discorre por unha zona altamente poboada que a converte practicamente nunha travesía urbana con edificacións e vivendas pegadas á estrada, polo que se proxecta a construción de beirarrúas de 1,50 metros de largo en ambas marxes.

- Toda a zona pola que discorre a estrada dispón de rede de abastecemento pero carece de rede de evacuación.

- O actual pavimento é de madam bituminoso con tratamento superficial.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

Sr. Presidente

Antes de rematar a sesión, quero dicirlles que o día 6 terase que constituír o Concello de Santa Comba, e segundo a Lei electoral, 5 días hábiles despois é o prazo para a elección de deputados. Parece ser, non sei se é certo, pero parece ser que os deputados do partido xudicial da Coruña, os concelleiros e concelleiras, estamos convocados para o día 12 de xullo. Se isto é así, teriamos que facer o Pleno de constitución para as persoas que repitan como deputadas ou deputados, o día 18 de xullo, e por lei, teriamos que facer o Pleno de aprobación de actas, 3 días hábiles antes,

co cal sería o día 14 de xullo. Isto vai variar en función da convocatoria da elección de deputados, porque hai 5 días e poden convocar en calquera día. Parece ser que está convocado para o día 12, entón teríamos a constitución o día 18 e a aprobación o día 14, e a min gustaríame, e vostedes dirán, por que di isto, dígoo porque gustaríame que o día do Pleno de aprobación de actas xantásemos todos xuntos, para reservar o xantar e ter apuntada tamén a data na axenda.

Sr. Rodríguez Lema

Sr. Presidente, tomo a palabra para convidar a todos os deputados sen excepción de grupos políticos á inauguración do campo de fútbol de Vimianzo o día 1 de xullo ás cinco e media da tarde.

Sr. Presidente

Estamos todos invitados o día 1 de xullo ás 5 e media da tarde para inaugurar o campo de fútbol de Vimianzo, o estadio imaxino, porque é máis que un campo de fútbol. Moitas grazas, dámonos por convidados.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.